



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTECINCO DE XUÑO DE DOUS MIL NOVE.

NÚM. 7/2009

<u>SRES/RAS ASISTENTES</u>	
ALCALDE-PRESIDENTE D. José María García Rivera.	<p>No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Foz, sendo as 20:45 horas do día vintecincos de xuño de 2009, baixo a presidencia de D. José María García Rivera, e asistido pola secretaria da Corporación, D^a M^a del Carmen Seoane Bouzas, que da fe do acto, se reúnen os Srs. Concelleiros relacionados, membros todos do Pleno, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión ordinaria prevista para o día de hoxe, e de acordo co seguinte orde do día.</p>
CONCELLEIROS D ^a Ana A. Incera Ares. D ^a Rosa Alonso Rodríguez. D. Pedro M. Fernández Marful. D. Ramón Sixto Legaspi. D. José Luis Sánchez García. D. Pedro José Fernández Manín. D. José María Basanta Morán. D. Xoán Carlos González Basanta. D. Balbino Fernández López. D ^a . María Xosefa Alonso Otero.	
SECRETARIA D. M ^a Carmen Seoane Bouzas.	
<u>NON ASISTEN</u> D. Xaime Cancio Rodríguez. D. Ángel Cao Pérez.	

1. – APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 28-05-2009.

Pola Presidencia se pregunta aos membros presentes do Pleno se teñen que formular algunha observación á acta da sesión celebrada o 28 de maio de 2009 e que foi oportunamente distribuída coa convocatoria. O portavoz do PP manifesta que existe un erro na votación recollida na moción presentado polo PSOE sobre a reagrupación do alumnado, na páx. 7, xa que na acta figura que o PP votou en contra e debe figurar que se abstivo. A continuación, o portavoz do BNG manifesta que existe outro erro na páx. 2 que onde figura “EMPTISA” debe figurar “EPTISA”.

Non producíndose máis intervencións, queda aprobada por unanimidade a acta da citada sesión coas corrección de erros mencionados, ordenando a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto polo artigo 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

2.- MODIFICACIÓN ORDENANZA SOBRE PLANTACIÓNS, REPOBOACIÓNS FORESTAIS, O SEU APROVEITAMENTO E EXPLOTACIÓN.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 18 de xuño de 2009, en relación ás modificacións a realizar na Ordenanza sobre plantacións, repoboacións forestais, o seu aproveitamento e explotación, que queda redactada como segue:

ARTIGO 2.

1. As plantacións ou repoboacións con EUCALIPTOS estarán suxeitas ás seguintes condicións técnicas:

- Distancia a vivendas e outros edificios preexistentes.....50 m.
- Distancia a fontes, mananciais e canles fluviais.....100 m.
- excepto as enclavadas nos montes con uso de rego.....10 m.
- Distancia a cultivos agrícolas.....10 m.
- Distancia a pradarias e pasteiros.....10 m.
- Distancia a camiños públicos e particulares, dende a liña externa da explanación.....2 m.

2. Queda expresamente prohibida a plantación dentro do perímetro das fincas que foron obxecto de Concentración Parcelaria e nas que tradicionalmente se usaron como fincas de cultivo, pradarias, hortas,... ou que figuran como tales en título de propiedade.

ARTIGO 3.

1. As plantacións ou repoboacións con PIÑEIROS (Pinus insigne e outras resinosas), rexeranse así:

- Distancia a vivendas e outros edificios preexistentes.....50 m.
- Distancia a fontes, mananciais e canles fluviais.....30 m.
- excepto as enclavadas nos montes con uso de rego.....10 m.
- Distancia a cultivos agrícolas.....10 m.
- Distancia a pradarias e pasteiros.....10 m.
- Distancia a camiños públicos e particulares, dende a liña externa da explanación.....2 m.

2. Queda expresamente prohibida a plantación dentro do perímetro das fincas que foron obxecto de Concentración Parcelaria e nas que tradicionalmente se usaron como fincas de cultivo, pradarias, hortas,... e/ou que figuran como tales en título de propiedade.

ARTIGO 4.

1. As plantacións ou repoboacións FRONDOSAS (especies de crecemento lento), suxeitaranse ás seguintes condicións, e previo estudo e autorización, excluíndose os froiteiros:

- Distancia a vivendas e outros edificios preexistentes.....10 m.
- Distancia a fontes, mananciais e canles fluviais.....20 m.
- excepto as enclavadas nos montes con uso de rego.....10 m.
- Distancia a cultivos agrícolas.....10 m.
- Distancia a pradarias e pasteiros.....10 m.
- Distancia a camiños públicos e particulares, dende a liña externa da explanación.....2 m.
- Non se poderá plantar ningún tipo de árbore sobre as traídas de augas públicas e privadas, a menos de.....6 m.

ARTIGO 11

SETOS: exceptuaranse do cumprimento desta ordenanza as plantacións "ornamentais" como cerrume vexetal de fincas, que se remitirá á lexislación ordinaria vixente.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

A 5 metros da calzada queda prohibido plantar árbores, arbustos e plantas de características similares, permitíndose unicamente a plantación de plantas de baixo crecemento.

ARTIGO 9

Dada a importancia do cumprimento da presente Ordenanza para o ordenado desenvolvemento e fomento da riqueza forestal, agrícola, gandeira, medioambiental e paisaxística do noso Concello, establécense as seguintes sancións para os infractores que contraveñan a presente Ordenanza:

- a) Con carácter xeral, polo soa infracción das distancias sinaladas, sanción de 120,20 €.
- b) Por cada árbore situada a menor distancia da preceptuada, sanción de 0,60 €.
- c) Por non solicitar licenza de corta, sanción de ata 150,25 €.
- d) Por cada árbore tallada sen solicitar permiso, sanción de 6,01 €.

ARTIGO 13

Para todo o non regulado nesta ordenanza será de aplicación o disposto pola Xunta e demais normativa vixente que sexa de aplicación.

Non habendo intervencións procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza municipal reguladora de plantacións, repoboacións forestais, o seu aproveitamento e explotación, nos termos en que figura no expediente.

Segundo.- Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia* e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que podan presentar reclamacións ou suxerencias, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, se considerará aprobada definitivamente sen necesidade de Acordo expreso polo Pleno.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para suscribir e firmar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

3.- MOCIÓN DO PP SOBRE A CALIDADE E REGULARIDADE DOS SERVIZOS DE CORREO.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do ditame negativo emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 18 de xuño de 2009:

Primeiro.- Dirixirse ao Ministerio de Fomento de tal xeito que desenvolva as xestións oportunas en orde a garantir a universalidade do servizo postal na Provincia de Lugo e, de xeito especial, o cumprimento das obrigas legais de calidade e regularidade no servizo.

Segundo.- Demandar na Sociedade Estatal de Correos e telégrafos unha distribución máis equitativa das cargas de traballo dentro do seu cadro de persoal na provincia de Lugo de tal xeito que se poñan fin ás deficiencias existentes na repartición postal da capital, dos concellos do rural e das principais poboacións da Mariña lucense.

Terceiro.- Demandar da Sociedade estatal de Correos e Telégrafos, a elaboración dun novo baremo de cobertura na Provincia de Lugo baseado no estudo real do percorrido e que teña en conta factores como a dispersión dos núcleos de poboación, as condicións orográficas e meteorolóxicas e o incremento de poboación das distintas localidades lucenses, e de tal xeito que se ofrezca unha maior calidade no servizo e se garantan unhas mellores condicións laborais para as traballadoras e traballadores encargados dos distintos repartimentos.

Cuarto.- Notificar copia do presente acordo aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais, no Parlamento de Galicia e na Deputación de Lugo, xunto coas institucións mencionadas nos distintos acordos (Ministerio de Fomento e Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos).



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Toma a palabra o portavoz do PP, D. José Luis Sánchez García, para dicir que xa na Comisión Informativa se falou de engadir á moción o seguinte:

- 1º. Garantir un correo público de calidade.*
- 2º. Que haxa un equilibrio, onde prime máis o servizo que o beneficio.*
- 3º. Que se garantan e se dé prioridade a manter os postos de traballo, e máis nestes tempos difíciles que estamos a pasar.*
- 4º. Que non sexan os últimos eslabóns da cadea, os traballadores e usuarios, os que paguen os pratos rotos dunha mala xestión por parte da empresa.*
- 5º. Pedimos tamén, pois é de necesidade, que cando haxa una baixa laboral, por vacacións ou por asuntos propios, non se recargue o resto dos compañeiros, e dita praza sexa ocupada por persoal contratado”.*

O Sr. Alcalde lle contesta ao Sr. José Luis que está plantexando cuestións de carácter persoal e para ese tipo de peticións existe un sindicato en Correos. O seu grupo está disposto a apoiar a moción e os dous primeiros puntos da parte engadida, pero non as cuestións laborais porque non son competencia da Corporación.

Toma a palabra o portavoz do BNG para manifestar que xa na Comisión Informativa se dixo que xa se levara tempo atrás una moción no mesmo sentido. Continúa dicindo que o seu grupo está de acordo co fondo da cuestión, pero fai a observación de que se tende a privatizar todos eses servizos públicos, e hai que estar atento para que esa privatización encuberta non se produza; polo que respecta ao tema das baixas, sinala que haberá un convenio. Finaliza a súa intervención manifestando que apoia que haxa un servizo de calidade universal.

O Sr. Alcalde explica que o seu partido non lle vai quitar representatividade a un sindicato, polo que o seu grupo se vai abster si non se retira o relativo ao tema de persoal.

Intervén de novo o portavoz do BNG para preguntarlle ao portavoz do PP qué di o convenio colectivo.

A continuación intervén a Da. Rosa Alonso para dicir que as baixas sempre se cubriron pero o que se está a facer na actualidade consiste en repartir o traballo da persoa que falta co resto da plantilla.

O Sr. Alcalde manifesta que se pode recoller un punto que exprese: “Apoiar as reivindicacións que teñan os traballadores e sindicatos coa empresa”.

O portavoz do PP di que está de acordo en que se retire esa parte da moción e o portavoz do BNG asinte.

Unha vez finalizado o debate, procédese á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

Primeiro.- Dirixirse ao Ministerio de Fomento de tal xeito que desenvolva as xestións oportunas en orde a garantir a universalidade do servizo postal na Provincia de Lugo e, de xeito especial, o cumprimento das obrigas legais de calidade e regularidade no servizo.

Segundo.- Demandar na Sociedade Estatal de Correos e telégrafos unha distribución máis equitativa das cargas de traballo dentro do seu cadro de persoal na provincia de Lugo de tal xeito que se poñan fin ás deficiencias existentes na repartición postal da capital, dos concellos do rural e das principais poboacións da Mariña lucense.

Terceiro.- Demandar da Sociedade estatal de Correos e Telégrafos, a elaboración dun novo baremo de cobertura na Provincia de Lugo baseado no estudo real do percorrido e que teña en conta factores como a dispersión dos núcleos de poboación, as condicións orográficas e meteorolóxicas e o incremento de poboación das distintas localidades lucenses, e de tal xeito que se ofrezca unha maior calidade no servizo e se garantan unhas mellores condicións laborais para as traballadoras e traballadores encargados dos distintos repartimentos.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Cuarto.- Notificar copia do presente acordo aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais, no Parlamento de Galicia e na Deputación de Lugo, xunto coas institucións mencionadas nos distintos acordos (Ministerio de Fomento e Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos).

Quinto.- Garantir un correo público de calidade.

Sexto.- Que haxa un equilibrio, onde prime máis o servizo que o beneficio.

Sétimo.- Apoiar as reivindicacións que teñan os traballadores e sindicatos coa empresa.

4.- MOCIÓN DO PP SOBRE A AMPLIACIÓN A FAVOR DOS TRIPULANTES DAS AXUDAS PREVISTAS POLA PARALIZACIÓN TEMPORAL DA FLOTA PESQUEIRA.

Pola Secretaria da Corporación se da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 18 de xuño de 2009, en relación á paralización da flota pesqueira.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo se vai abster porque se está traballando xa no asunto.

O portavoz do PP di que o seu grupo sigue mantendo a moción.

O portavoz do BNG manifesta que o seu grupo se vai abster porque no Parlamento galego se solicitou polo BNG tramitar urxentemente as axudas, e o PP votou en contra e agora introducen a moción, di que non entende ese dobre raseiro do PP, lle pide coherencia; pero expresa que non están en contra do fondo da cuestión.

Unha vez rematada a quenda de intervencións se procede á votación da moción, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (PP).
- Abstencións: 8 (5 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: ningún.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Dirixirse ao Goberno Central de tal xeito que desenvolva as xestións oportunas para aprobar á maior brevidade posible as axudas económicas en beneficio dos tripulantes das flotas afectadas polas decisións do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño que obrigan a realizar amarres forzosos ás devanditas embarcacións nos termos establecidos no Regulamento (CE) 744/2008.

Segundo.- Instar ao Goberno Central para que as axudas aprobadas respecten os seguintes criterios:

- a) Que poidan ser aboadas ao finalizar o período no que se estableceu a parada, e se este é superior a 30 días, se abonen por meses transcorridos ata a finalización do devandito período de inactividade.
- b) Que as axudas correspondentes a armadores sexan pagadas nun tempo máximo de tres meses desde a finalización do período de parada.

Terceiro.- Notificar copia do presente acordo aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais e no Parlamento de Galicia.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

5.- MOCIÓN DO PP SOBRE CONMEMORACIÓN DO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE.

A Secretaria da Corporación da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 18 de xuño de 2009, en relación ao medio ambiente.

A continuación, o portavoz do PP explica que, dado que ao medio ambiente se lle deu importancia na vida social e económica, parece de xustiza reivindicar que os medios sexan de calidade.

Non habendo máis intervencións procédese á votación, resultando aprobado por unanimidade dos membros presentes o seguinte acordo:

Primeiro.- Reivindicar o papel dos gobernos locais na protección e xestión do patrimonio ambiental e paisaxístico pola súa capacidade para preservar os distintos xeitos de vivir en harmonía e pola súa sensibilidade e interese en manter o mellor legado social, cultural e de crecemento económico sostible cara ás seguintes xeracións.

Segundo.- Reclamar do Goberno da Nación e á Xunta de Galicia a posta en marcha dunha lexislación que desenvolva o Convenio Europeo da Paisaxe con carácter unitario e outorgue ás autoridades locais os medios para cubrir os obxectivos de calidade paisaxística, sensibilización respecto do seu valor e a súa transformación, formación de especialistas e elaboración de programas pluridisciplinares para a protección, xestión e ordenación da paisaxe.

Terceiro.- Dar traslado destes Acordos ao Presidente do Goberno e da Xunta de Galicia, á Vicepresidenta Primeira do Goberno, á Ministra de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, aos Portavoces de Medio Ambiente do Congreso e do Senado e á Comisión Executiva da FEMP.

6.- MOCIÓN DO BNG SOBRE A LINGUA GALEGA.

A Secretaria da Corporación da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 18 de xuño de 2009, en relación á moción presentada polo BNG sobre a lingua galega.

O Sr. Basanta explica que a moción vai no sentido de que non se derrogase o Decreto 124/07 que recolle a obriga do galego no ensino en 50% e que non se modifique a Lei 4/88 no relativo a esixirse o coñecemento da lingua galega nos procesos selectivos, pero, desgraciadamente, xa se acaba de modificar, pero aínda así o seu grupo mantén a moción. Remata a súa intervención dicindo que non é lóxico que unha Lei que estaba consensuada polos tres grupos se modifique.

A continuación toma a palabra o Sr. Sánchez para anunciar que o seu grupo vai votar en contra, se ben están de acordo co sinalado no artigo 5 do Estatuto de Autonomía. Respecto ao Decreto sinala que se está á espera do resultado das enquisas que se fixeron aos pais. Remata dicindo que respecto á Lei, no que se refire ao coñecemento do galego non están de acordo.

O Sr. Basanta replica que as garantías desas enquisas son moi deficientes.

O Sr. Alcalde toma a palabra para dicir que a posición do seu grupo respecto ao tema é que pensan que se está a asistir a un espectáculo bochornoso e esperpéntico; o artigo 5 do Estatuto de Autonomía o di claro: "a lingua de Galicia é o galego", e dende que o PP chegou á Xunta de Galicia está creando un problema tremendo. O Sr. Alcalde lle pregunta ao portavoz do PP qué é iso de remover consultas e cousas raras. Continúa explicando que se está creando un problema onde non o hai que vai traer consecuencias drásticas; as enquisas custan moito diñeiro, hai que ser sensatos, hai unha España coas súas lingua. Manifesta que é unha pena que anden chegando mocións desas ás institucións, cando para o seu grupo o tema xa está consolidado, coma partido galeguista que é. Por último indica que en lugar de gastar diñeiro nas enquisas poderían dar máis diñeiro para contratar xente na tempada de verán, que sen embargo recortaron.

Se procede á votación da moción, acadándose o seguinte resultado:



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

- Votos a favor: 8 (5 PSOE e 3 BNG).
- Votos en contra: 3 (PP).
- Abstencións: ningunha.

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno Galego a que cumpra as obrigas establecidas no Estatuto de Autonomía de Galicia, que no seu artigo 5º di: "A lingua galega propia de Galiza é o galego. Os poderes públicos de Galiza (...) potenciarán o emprego do galego en todos os planos de vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento".

Segundo.- Como proba da vontade de volver ao consenso sobre a lingua galega instar ao Goberno Galego:

2.1. A que non proceda á derogación do Decreto 124/2007, que desenvolve unha medida contemplada no Plan Xeral de Normalización Lingüística aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galiza no ano 2004.

2.2. A que non modifique a Lei 4/1988 da Función Pública de Galiza no referente a demostrar o coñecemento da lingua galega nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración Autonómica.

Terceiro.- Instar ao Goberno Galego a que promova a reforma do marco legal que posibilite a plena igualdade en dereitos e deberes do galego e o castelán, como fórmula para facer real a cooficialidade das dúas linguas.

7.- MOCIÓN DO BNG SOBRE O SECTOR LÁCTEO.

A Secretaria da Corporación da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios do Pleno, de data 18 de xuño de 2009, en relación á moción presentada polo BNG sobre o sector lácteo.

O portavoz do BNG explica a moción presentada.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar ao Goberno español a renegociar a actual asignación de cotas entre os distintos Estados membros da UE, de xeito que o aumento da cota se dirixa unicamente a aqueles Estados que teñen unha cota moi inferior ao seu consumo interno e nos que existen segmentos importantes de explotacións, como é o caso de Galiza, que necesitan máis cota para ser viábeis.

Segundo.- Instar ao Goberno español a propoñer na UE unha actuación decidida concreta, para regular os mercados e garantir prezos aos produtores de leite, de xeito que se garanta a viabilidade do sector, do mesmo xeito que se actúa con outros sectores económicos.

Terceiro.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galiza a coordinar as actuacións necesarias para:

- a) Garantir a recollida de todo o leite producido na Galiza.
- b) Establecer axudas directas aos produtores de leite, para compensar o baixo prezo do leite en orixe –actualmente por debaixo do prezo de custo- en tanto non se recuperen os prezos de mercado.
- c) Garantir a continuidade da industria transformadora existente na Galiza, e en concreto, da planta de Pascual na provincia de Lugo.

Cuarto.- Comunicar este Acordo Plenario ao presidente do Goberno do Estado, ap Presidente da Xunta de Galiza, aos Grupos Parlamentarios do PP, do PSOE e do BNG, no Parlamento Galego e no Congreso dos Deputados.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

8. EXPEDIENTE Nº 13/2009 DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2009.

Pola Secretaria da Corporación da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, de data 18 de xuño de 2009, en relación á modificación nº 13/2009 de modificación de créditos do orzamento municipal 2009.

O Sr. Alcalde lle cede a palabra ao portavoz do PP, quen manifesta que o seu grupo se vai abster, porque xa lle dixeron varias veces que non estaban de acordo coa forma que ten de regular os fondos públicos, pero para facilitarlle aos empresarios que cobren se van a abster.

O portavoz do BNG anuncia que o seu grupo vai votar en contra por dúas razóns, a primeira, por un motivo legal, porque o informe do interventor sinala algún aspecto negativo e en segundo lugar, por unha cuestión política, xa que o Sr. Alcalde non foi honesto coa Corporación porque trouxo un montón de facturas, quizais para colocar algunhas no medio que lle interesaban, e agora mete facturas que non están pagadas, non foi xusto. Continúa dicindo que iso se repita ano tras ano, e sempre se lle deu o voto favorable polo BNG, pero neste non se le vai dar. Engade que a maioría das facturas corresponden a empresas coas que non están de acordo na forma de prestar o servizo, como por exemplo o alumeadado público. Conclúe dicindo que por todo iso van a votar en contra.

O Sr. Alcalde lle replica que acaba de mentir respecto a que as facturas se traen fora de prazo porque no expediente non figura cando entraron no rexistro, e por iso lle vai a ler unha por unha, insiste en que el nunca gardou nada, e lle doe que manifeste iso. A continuación lle algunhas das facturas.

O Sr. Basanta lle pide que lea todas e que diga a cantidade.

O Sr. Alcalde sigue lendo as facturas, e lle di ao Sr. Basanta que non lle acuse a el, en tal caso que lle vote a culpa aos empresarios que as trouxeron tarde. O Sr. Alcalde di que a maioría están presentadas polos empresarios este ano e respecto a outras facturas ten a razón o Sr. Basanta porque non había consignación orzamentaria no momento de pagarlle, pero o traballo estaba feito e había que pagarlles. Respecto ao mantemento eléctrico lle recorda ao portavoz do BNG que foi el quen quixo que o contrato se sacara a concurso e el mesmo co seu voto na mesa da contratación propuxo que se lle adjudicara ao contratista actual. Por último o Sr. Alcalde lle di que si xustifica que a empresa o fai mal mañá se lle rescinde o contrato. Di que si somos capaces de poñer ben o alumeadado eléctrico se deben felicitar porque tras o temporal se destrozou moitísimo material.

O portavoz do BNG lle insiste ao Sr. Alcalde en que se dixo que ía ler tódalas facturas que as lea. É certo que as empresas teñen dereito a cobrar, pero da modificación, 56.140 € son da empresa da que están a falar: a empresa gañou a oferta pública, pero ten cumprir co mantemento, o servizo ten que ser bo.

O Sr. Alcalde lle responde que Comfica presenta esas facturas porque cando contratou coa Corporación dixo que había que facer determinadas modificacións nalgunhas zonas e o Concello lle dixo que non e que tiña que poñer un elemento a maiores, pero con autorización, por iso remitiron tres facturas, que foron comprobadas polo delegado de alumeadado.

Por último, o portavoz do BNG lle pregunta ao Presidente se a empresa pasou o informe trimestral ao que están obrigados.

O Sr. Alcalde lle responde que non sabe, o que non quere dicir que non o haxa.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PSOE).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: 3 (PP).



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro. - Aprobar con carácter inicial o expediente número 13 de modificación do Orzamento Xeral prorrogado para 2009 por importe de setenta e oito mil douscentos cinco euros con vinteseite céntimos (78.205,27 €), que se financia cunha operación de endebedamento coas características recollidas no Real Decreto Lei 5/2009, de acordo coa seguinte proposta:

MODIFICACIÓN NÚMERO 13 DO ORZAMENTO XERAL PRORROGADO PARA 2009. SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE ACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
121.22600	Administración xeral. Canons	39.000,00	230,73	39.230,73
121.22603	Administración xeral. Gastos xurídicos	20.000,00	224,07	20.224,07
121.625	Administración xeral. Inversión en mobiliario	0,00	2.181,21	2.181,21
222.213	Seguridade pública. Reparación maquinaria, instalacións	3.000,00	1.044,54	4.044,54
222.625	Seguridade pública. Inversión en mobiliario e enseres	0,00	684,40	684,40
322.22609	Promoción de emprego. Gastos Escola Obradoiro	39.840,00	29,03	39.869,03
422.212	Educación. Reparación de edificios e outras construcións	9.000,00	69,70	9.069,70
432.212	Urbanismo e arquitectura. Reparación de edificios e outras construcións	6.000,00	2.666,34	8.666,34
432.213	Urbanismo e arquitectura. Reparación de maquinaria, instalacións	100.000,00	36.114,10	136.114,10
432.22703	Urbanismo e arquitectura. Mantemento de alumado público	19.704,69	1.822,51	21.527,20
432.60103	Urbanismo e arquitectura. Alumados públicos	62.060,00	18.205,28	80.265,28
432.60105	Urbanismo e arquitectura. Nave multiusos de Fazouro	115.669,98	621,30	116.291,28
441.611	Saneamento, abasto e distribución de auga. Fontes públicas	0,00	6.786,00	6.786,00
442.22108	Recollida de lixo e limpeza viaria. Produtos de limpeza	5.000,00	1.066,97	5.066,97
451.212	Cultura. Reparación de edificios e outras construcións	2.500,00	343,67	2.843,67
451.22605	Cultura. Reunións e conferencias	300,00	6.042,65	6.342,65
451.22608	Cultura. Gastos diversos	15.000,00	19,00	15.019,00
521.213	Comunicacións. Reparación de maquinaria, instalacións	1.500,00	13,31	1.513,31
751.22608	Turismo. Gastos diversos	2.400,00	40,46	2.440,46
Total expediente de modificación de créditos 13/2009				78.205,27



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

FINANCIAMENTO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN

CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTEACTUAL	MODIFICACIÓN	DEFINITIVO
91701	Préstamos recibidos de fora do sector público. RDL 5/2009	0,00	78.205,27	78.205,27
Total financiamento expediente de modificación de créditos 13/2009				78.205,27

Segundo. - O expediente impulsarase de oficio nos termos que establece a lexislación Reguladora das Facendas Locais. Así, aprobada inicialmente a modificación, exporase ao público, logo de anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno.

Se durante este período non se presentarán reclamacións polos interesados, entenderáse que a modificación de crédito foi definitivamente aprobada; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolver as reclamacións presentadas.

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, dita modificación do Orzamento será publicada, resumida por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establecen os artigos 70.2, en relación co artigo 112.3, da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e o artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Simultaneamente a este envío, remitirase copia do expediente á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado

9. OPERACIÓN ENDEBEDAMENTO DE ACORDO CO RDL 5/2009 POR IMPORTE DE 78.205,27€.

Pola Secretaria da Corporación da conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Contas, Economía e Facenda, de data 18 de xuño de 2009, en relación á operación de endebedamento.

Toma a palabra o portavoz do PP para anunciar que o seu grupo vaise abster.

O portavoz do BNG expresa que coma o punto está relacionado co anterior van votar en contra.

A continuación procédese á votación do asunto, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 5 (PSOE).
- Votos en contra: 3 (BNG).
- Abstencións: 3 (PP).

Resultando aprobado o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o plan de saneamento nos termos que constan en documento anexo e que se considera parte integrante do presente Acordo

Segundo.- Aprobado o Prego de condicións que rexerá a adxudicación da operación de endebedamento por importe de 78.205,27 euros, de acordo co Real Decreto-Lei 5/2009, do 24 de abril.

Terceiro.- Aprobado o expediente de contratación, e o gasto con cargo á partida orzamentaria 011.310 do orzamento vixente para este Concello.

Cuarto.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación do contrato por procedemento negociado sen publicidade, en concordancia co establecido no Prego de condicións.

Quinto.- Delegar no Alcalde da Corporación a competencia para adopción dos acordos necesarios para a adxudicación do presente contrato.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

Sexto.- Solicitar ás entidades financeiras con presenza no municipio e aquelas coas que ten relación o Concello, que formulen as súas propostas para a concertación da operación de endebedamento

Finalizado este punto o Sr. Alcalde explica que vai introducir por vía de urxencia o seguinte asunto.

10. DACIÓN DE CONTAS DO PROXECTO AUTOVÍA BARREIROS SAN CIBRAO.

O Sr. Alcalde explica a urxencia do asunto, xa que chegou o proxecto unha vez estaba convocado o Pleno, e aínda que non se vai votar o asunto, considera de importancia que o Pleno o coñeza.

Se procede á votación da urxencia do asunto, resultando aceptada por unanimidade.

Os Srs. Concelleiros quedan enterados do punto da orde do día.

11.- CONTROL DA ACTIVIDADE DOS RESTANTES ÓRGANOS DA CORPORACIÓN:

A.- DACIÓN DE CONTAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA DITADAS DENDE O DÍA 26 DE MAIO AO 19 DE XUÑO DE 2009.

Aos efectos previstos no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, se da conta ao Pleno da Corporación das Resolucións ditadas pola Alcaldía-Presidencia dende o 26 de maio ao 19 de xuño de 2009, quedando enterados os señores asistentes.

B.- MOCIÓNS.

O portavoz do BNG manifesta que vai introducir tres mocións de urxencia, dando lectura á primeira delas:

“MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE O USO PÚBLICO DA ZONA VERDE DA RAPADOIRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todos os anos asistimos na zona verde arborada da Praia da Rapadoira a unha situación de ocupación desde primeiras horas da mañán ata as últimas da tarde, restrinxindo o uso público da mesma para disfrute de todos.

Para as actividades e usos que actualmente se lle estaban dando existen zonas acondicionadas ao longo da nosa costa. Se isto fora insuficiente, o Concello deberá habilitar máis zonas onde as persoas puideran disfrutar coas súa familias dun día de descanso e pracer.

Por todo isto, o BNG presenta a seguinte moción en pleno para tomar o seguinte

ACORDO

Que o Concello de Foz garanta e regule o uso público da zona verde da Praia da Rapadoira e/ou habilite zonas de espacemento para poder pasar o día”.

A continuación se procede á votación da urxencia da moción, resultando aprobada por unanimidade.

O portavoz do BNG explica que hai xente que dende as sete da mañá ocupa esa zona pública ata as oito da tarde.

O Sr. Alcalde lle contesta que el sempre, dende pequen, foi alí. Xa una vez se intentou votar á xente de alí e foi un espectáculo, que saíu nos xornais. Continúa dicindo que iso sempre foi así. Lle pregunta ao Sr. Basanta de qué forma pensa regulalo.

O Sr. Basanta di que non sabe a forma, pero que é necesario regulalo, quizais cobrando como fan nalgúns Concellos.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Alcalde di que el non ai cambiar iso non o vai cambiar nunca por raíces, por focense; xa proxecto de adecuación da Praia da Rapadoira á de Llás van aparcadoiros públicos, un carril bici e zonas públicas adecuadas.

O portavoz do PP manifesta que o seu grupo se vai abster porque non se di coma se vai regular.

Rematado o debate se procede á votación, acadándose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 3 (BNG).
- Abstencións: 3 (PP).
- Votos en contra: 5(PSOE).

Non resultando aprobada a moción presentada polo BNG.

O Sr. Basanta da lectura á seguinte moción presentada polo seu grupo:

“MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE AXUDAS AOS/AS ESTUDENTES DE FOZ

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É un feito que numerosos/as xoves do noso concello están realizando estudos en centros públicos da nosa comarca, principalmente en ciclos formativos que non se ofertan no Instituto de Foz.

Esta circunstancia leva consigo que estes estudantes teñan que sufragar uns gastos de desprazamento diario a eses centros que supoñen en moitos casos un gran esforzo económico para a súas familias.

Así mesmo, poden existir casos de rapaces/as que cursen estudos de formación deportiva orientados á competición ou práctica deportiva que sexan complementarios aos estudos regrados e que se vexan obrigados a residir fora do concello durante o curso lectivo.

É unha obriga das institucións públicas facilitar a formación dos seus xoves e axudarlles á súa promoción laboral.

Por todo isto, o BNG presenta a seguinte moción en pleno para tomar o seguinte

ACORDO

Que o Concello de Foz elabore e aprobe unhas Bases Reguladoras para a concesión de axudas para transporte dirixidas a aqueles alumnos/as que cursen estudos non universitarios ou de formación deportiva fóra do noso termo municipal para o curso académico 2009-2010”.

Se procede á votación da urxencia resultando aprobada por unanimidade.

Intervén a Sa. Incera para dicir que cre que hai algo e a Xunta está a sacar algunhas axudas. Todos os que están estudando ciclos teñen axudas do Estado.

O Sr. Basanta di que haberá que regular as distancias e se non hai transporte público a axuda servirá para trasladarse doutra maneira; pero hai que mirar cada caso, quizais hai que mirar as rendas.

O Sr. Alcalde manifesta que o seu grupo está de acordó.

A continuación se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

Que o Concello de Foz elabore e aprobe unhas Bases Reguladoras para a concesión de axudas para transporte dirixidas a aqueles alumnos/as que cursen estudos non universitarios ou de formación deportiva fóra do noso termo municipal para o curso académico 2009-2010.



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

O Sr. Basanta da lectura á terceira moción de urxencia que presenta:

“MOCIÓN DE URXENCIA SOBRE A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO

EXPOSICION DE MOTIVOS

Para mellorar a calidade educativa é necesario que o investimento público garanta o acceso á mesma, en igualdade de oportunidades, para todos os nenos e nenas. A inversión en educación aumentou nos últimos anos de xeito importante en Galiza, desenvolvéndose programas novedosos como é o caso do Programa de Gratuidade de Libros de Texto e Materiais Curriculares en Centros sostidos con fondos públicos para os niveis obligatorios.

Un programa que persegue dous obxectivos básicos:

1º) Enmarcarse no principio de gratuidade nas etapas obligatorias e favorecer a igualdade de oportunidades de xeito que o alumnado galego poda ter acceso e ditas ferramentas pedagóxicas.

2º) Inculcar no alumnado valores de solidariedade de conservación do material para a súa reutilización por outros e de coidado do ben colectivo como propio.

Por todo isto, o BNG presenta a seguinte moción en pleno para tomar o seguinte

ACORDO

O Concello de Foz insta á Xunta de Galiza a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico (2009-2010)”.

Se procede á votación da urxencia resultando aprobada por unanimidade.

Intervén a Sa. Incera que di que iso sí que lle preocupa moito aos país e non as enquisas. Foi necesario que chegara un goberno socialista á Xunta para que houbera libros de txto gratuitos.

O portavoz do PP manifesta que sempre que sexa gratuidade para os nenos están de acordó.

A continuación se procede á votación do asunto, resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

O Concello de Foz insta á Xunta de Galiza a garantir a gratuidade dos libros de texto e do material curricular no vindeiro curso académico (2009-2010).

C.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

O PP realiza o seguinte rogo:

1) Existen deficiencias importantes respecto aos aparcadoiros de bicicletas nas zonas de praias, piden que se mire iso.

O Sr. Alcalde di que están en iso e tamén en poñer bicicletas de alquiler.

2) A petición dos veciños de Vilaxoane a área recreativa do paseo está totalmente abandonada, coma se ve nas fotos.

O Sr. Alcalde lle di que se está cortando, nunha semán estará todo listo.

3) Existe deficiencia na limpeza de sumidoiros nas rúas, polo que rogan que se limpe para



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

que non haxa inundacións.

O Sr. Alcalde lle pregunta a qué sumidoiros se refire, si é xenérico, poruqe están todos limpos.

O portavoz do PP lle di que en Forxán.

O Sr. Alcalde lle di que toma nota.

4) Pide que poña un indicador na carreteira de Fazouro un indicador ao Camiño da Granda.

O Sr. Alcalde respóndelle que non se pode poñer algo que non estea na toponimia, o que se ode é aclarar ese.

5) Pide que se é posible poñerlle un servizo a unha persoa maior que vive soa en Cangas.

O Sr. Alcalde di que iso a Concelleira Delegada de servizos sociais é a que ten que ver o tema. E lle di ao PP que o que ten que facer é pedir na Xunta máis diñeiro para servizos sociais para o Concello de Foz.

O BNG realiza os seguintes rogos:

1) Pide que se arranxe a estrada de entrada a Fazouro, que está que da pena.

O Sr. Alcalde dille que xa se arranxou.

2) Pide que se poñan as dous ou tres barandas que faltan no paseo da rapadoira, que é un perigo, xa que pode colarse calqueira por alí.

O Sr. Alcalde responde que hai que poñer unha cordiña ou algo alí mentres non as arranxa Costas.

3) Que se retiren os restos dos montes.

O Sr. Alcalde di que os contenerores se van sacando a medida que se van sacando os restos dos montes. Se mellorou algo nos montes, pero están perdidos, falta concienciación na xuventude, que non é capaz de recoller o que deixa nos montes.

PREGUNTAS:

O PP realiza as seguintes preguntas:

1) ¿Por qué a asociación de veciños de mañante non pode utilizar o local que hai alí?

O Sr. Alcalde responde que porque iso está cedido a unha asociación por acordo de Xunta de Goberno Local e se lle deixa a chave xa a poden utilizar.

2) ¿Cando se vai limpar O Santo?

O Sr. Alcalde di que están baixo mínimos porque a Xunta sacoulle ao Concello prazas que tiña pedidas de limpeza de verán.

O BNG realiza as seguintes preguntas:

1) Se vai arranxar a carreteira que vai dende a depuradora ata A Casanova, ¿por qué non meten unha tubería nova por alí que teñen problemas coa auga?

O Sr. Alcalde responde que non hai problema porque a tubería ai pola cuneta, pero non ten constancia de que rompera a tubería alí.

2) Na pista que baixa polo Morrallón cando chove moito a auga encharca todo, ¿non se



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

Avd. Álvaro Cunqueiro, 24 27780 Foz (Lugo)

Tlf: 982.14 00 27 Fax: 982.14 16 00

pode facer alí unha cuneta para que a auga encarrile?

O Sr. Alcalde dille que xa o miran.

3) ¿Cando se vai arranxar a ponte de Fazouro?

O Sr. Alcalde di que non sabe, que en breve.

4) En Fazouro, ¿Coma se vai acceder á praia?

Lle responde o Sr. Alcalde que estase mirando que a empresa que fai as obras habilite un trozo.

5) En Peizás, ¿cando rematan as obras?

O Sr. Alcalde lle responde cando se entreguen as obras por Costas abrírase aquilo.

E non sendo máis os asuntos a tratar, levántase a sesión cando son as 22:25 horas do día 25 de xuño de 2009, do que como secretaria dou fe e certifico.

